



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Graña Rodríguez, Ana María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.

Rodríguez Vázquez, Virxilio

### DECANOS/DIRECTORES:

Caparrini Marín, Natalia  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Fernández Prieto, Marta  
Gómez Fraiz, Santiago  
Pillado González, Esther  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Fco. Javier  
Romo Pérez, Vicente  
Rubio Armesto, Belén

### PDI-A:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos  
Bueno Alonso, Jorge Luis  
Collazo Fernández, Antonio  
Castro Cerceda M<sup>a</sup> Luisa  
García-Pintos Escuder Adela  
Llamas Nistal Martín  
Pérez Cota Manuel  
Pou Saracho Juan María

### PDI-B:

González Santamaría, Pedro

### ESTUDANTES:

Hidalgo Robatto, Bettiana Marcela  
Moldes Pita, Óscar  
Rivera González, Paula

### PAS:

Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio

### SINDICATOS:

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

García Señorán, Mar  
González Jorge, Higinio  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Pino García, Antonio  
Ribo López, Elena  
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique  
Vallejo Pousada, Rafael  
Vaquero Díaz, Beatriz

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 20 de xaneiro de 2017, convocada para as 12:00 h en primeira convocatoria e ás 12:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **20 de xaneiro de 2017** ás 12:30 h deu comezo a sesión extraordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

\* Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.

O reitor dá a benvida aos membros do Consello e dá comezo a esta sesión extraordinaria dando lectura aos nomes dos membros que escusan a súa presenza.

Así mesmo, dá a coñecer os nomes dos novos representantes do Consello Social neste Consello de Goberno, nomeados na sesión do Consello Social de 2016: D. Ernesto Pedrosa, que se integrará na Comisión de Extensión Universitaria e de Estudantes; D. César Blanco Gómez, na Comisión de Organización Académica e Profesorado; D. Xulio Calviño, nas comisións de Investigación e a de Planificación e Asuntos Económicos.

O reitor explica que se realiza este Consello de Goberno extraordinario para aprobar os premios coa suficiente antelación, para poder poñerse en contacto con eles e convidalos ao acto de entrega das insignias e medallas, que terá lugar o día 27 deste mes, xa que o día de Sto. Tomé coincide en sábado.

Cede a palabra á secretaria xeral para presentar a proposta de concesión de premios extraordinarios.

A secretaria lembra que o artigo 133 dos Estatutos establece que o Consello de Goberno, a proposta dos centros, poderá outorgar anualmente premios extraordinarios de graduado ou graduada e máster universitario. Tamén dispón, que o Consello de Goberno, a proposta da Comisión de Estudos de Posgrao, pode outorgar anualmente premios extraordinarios de doutoramento entre os doutores e doutoras que conseguiron no curso académico anterior a máxima cualificación.

Por outra banda, a disposición transitoria cuarta, referida aos estudos en titulacións que están en proceso de extinción, establece que o Consello de Goberno, a proposta dos centros, poderá

outorgar anualmente premios extraordinarios de diplomatura, arquitectura técnica e enxeñaría técnica e premios extraordinarios de licenciatura, arquitectura e enxeñaría.

De acordo co anterior, continúa a secretaria, sométense á aprobación do Consello de Goberno os Premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento do curso académico 2015/2016, incluídos na documentación que se achegou coa convocatoria da reunión, e que serán outorgados no acto institucional do día 27 de xaneiro.

A continuación a secretaria xeral dá lectura aos nomes dos candidatos propostos polos centros, e a Comisión de Posgrao, relación que se axunta como anexo a esta acta (**Anexo I**).

Finalizada a presentación das propostas, o reitor explica que non se detectou ningún erro nin problema nas candidaturas propostas, polo que se somete a consideración do Consello de Goberno. Pregunta aos presentes se é necesaria algunha aclaración e abre unha rolda de intervencións.

Intervén o profesor Pou Saracho para lembrar aos membros do Consello que o ano pasado houbera unha mala interpretación por parte da comisión, que valorou as candidaturas no seu centro. No caso concreto dun estudante, que rematara os seus estudos de tres anos en doce, se interpretou que non reunía as condicións para o premio extraordinario. Dado que a concesión do premio extraordinario depende só dun requirimento de notas e que non é necesario considerar outros aspectos, solicita que esta decisión sexa tomada administrativamente, sen que sexa preciso a decisión dunha comisión. A pesar de que hoxe non se pode aprobar, engade, quere propoñelo para que sexa tido en conta e se estudie.

Intervén a secretaria xeral para lembrar aos membros do Consello que neste caso, o premio extraordinario por tres ramas de Enxeñaría Técnica Industrial, a este alumno mencionado polo profesor Pou Saracho, foi concedido tras resolver este Consello de Goberno un recurso de reposición presentado polo estudante. O estudante púxose en contacto coa Secretaría Xeral para solicitar que se lle entregue o premio no acto deste ano. Explica que non deu lectura ao seu nome na relación anterior, porque non corresponde á proposta que nos correspondía aprobar da promoción deste ano, pero si se incorporará aos premiados no acto de Sto. Tomé.

O reitor di que se toma en conta a suxestión do profesor Pou, para evitar as incertezas.

Non hai máis intervencións e apróbase a proposta de premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.

O reitor levanta a sesión, invitando a todos os presentes á celebración na que se fará entrega de ditos premios, que terá lugar o 27 de xaneiro ás 12:00 no salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.


Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:50 h do día 20 de xaneiro de 2017, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris